

ERA VISTO!

**EPISODIO 119:
“O ESPANTALLO”
“RÍO REGATO SPORT”
“CELTA-DEPOR”**

CARLOS ARES, XOSÉ CASTRO ANDRÉS MAHÍA

O ESPANTALLO.

MONCHO Desde hai un par de semanas sufrimos unha invasión terrible de corvos. Roen todo canto atopan, fan ruído día e noite, cagan onde non deben... En fin, coma a pillería do botellón, pero en negro e dicindo guark, guark...

COCIÑA.DÍA.

MONCHO, ELVIRA, KEVIN.

Sonido de corvos graznando sen parar.

ELVIRA Danme medo. Hoxe fun tender a roupa e miraban para min como os da película aquela de Jichok.

MONCHO Non te preocupes, en canto remate o café, collo a escopeta e asunto resolto.

KEVIN Non podes, papá, os corvos están protexidos.

MONCHO Pero que dis, pallaso.

KEVIN Protexidos pola ley. Matar un corvo é coma matar un canciño pequeniño e branco, dos riquiños que corren co papel de váter na boca. Non podes facelo, papá, esqueceo.

Elvira suspira, Moncho mira a cámara.

MONCHO A pregunta xa non é por qué carallo está protexido un bicho tan feo, se non de onde carallo virían os corvos. Claro que outra cousa non, pero explicacións para as orixes da fauna molesta, sóbrannos en Lameiro.

BAR.

MONCHO, PUSKAS, LINO.

Discusión iniciada.

PUSKAS De onde van vir, Moncho, de onde queres que veñan?

MONCHO Pois non sei, Puskas, xa me dirás ti!

PUSKAS Dos vertedoiros que pechan os ecoloxistas e máis a Xunta. É moi fácil dicir (*burlón*) “non me botes aquí o lixo, quero o monte limpo”, pero entón a alimaña que vive do lixo ten que emigrar. Normal.

LINO A túa teoría ten o seu encanto, Puskas, pero non se sostén.

MONCHO Pois eu véxolle lóxica. O monte tira moito da alimaña. Hai quen di que xa están facendo koalas por culpa dos eucaliptos.

LINO Bueno, carallo. E canguros!

PUSKAS Canguros non sei, pero pola parte de Boqueixón hai búfalos, que os vin o outro día na Galega.

LINO É unha granxa, Puskas. Críanos para facer queixo.

Puskas mira para el con condescendencia.

PUSKAS Así e todo, Lino, que tan inxenuo podes chegar a ser. A ti cólanche as mentiras máis grandes do mundo. Búfalos para facer queixo! Si, home, si. E os lobos que solta a Xunta, eses que fan? Chocolate con churros?

Moncho mira a cámara divertido, Lino dispónse a discutir con Puskas.

MONCHO Estivemos catro ou cinco roldas dándolle voltas o tema da emigración forzada das especies. Desde os ñus do Serengeti, ata os corvos da miña leira. Co sexto viño, empezamos a falar de solucións.

PUSKAS Desde hai moitos anos, o transistor emprégase con éxito contra o xabarín. Eu personalmente, póñoilles a Jiménez los Santos.

LINO Pero neste caso, ó ser aves, eu apostaría polos CDs colgando das polas.

MONCHO E iso pódese facer, non? Non estará prohibido.

PUSKAS Totalmente legal. No tema de espantar á bichería aínda non se meteron os políticos, grazas a dios.

MONCHO **Decidinme polos cds. Mirade para aquí. (Amosa unha ducia de CDs) Cólganse das polas dos árbores e funcionan como espellos espantacorvos. Son todos de Kevin.**

CUARTO.NOITE.
MONCHO, ELVIRA.

Están os dous espertos e con cara de mala uva. Escóitase ruído de corvos mesturado con tintineo de cds.

ELVIRA Pero vamos a ver, Moncho. Se xa facían eles ruído de por si, a que carallo vas ti a colgarlles cousas para que peten nelas!

MONCHO A teoría di que reflicten a luz e que así os paxaros se asustan.

ELVIRA *(Finxindo bo rollo)* Si, claro, están asustadísimos. *(Cabreada)* Pero desde cando os espellos e as luces asustan a ninguén, home!! Estanche facendo un guateque! Escoita, Moncho, están na discoteca!

Elvira gruñe e mete a cabeza debaixo da almofada. Moncho mira a cámara.

MONCHO **Hoxe pola mañá a leira estaba tan cagada que parecía que nevara. Retirei todos os cds e devolvínos ó cuarto de Kevin. Gañaron esta batalla, pero a guerra continúa.**

NAVE.
MONCHO, ANSELMO.

Xa lle contou o problema a Anselmo.

ANSELMO Como en tantas outras ocasións, a solución a este problema está en seguir as tradicións.

MONCHO Xa. Pensa que non quixen coller a escopeta o primeiro día? Pero polo visto son unha especie protexida que...

ANSELMO Na, na, na... Nada de escopeta. O espantallo, Moncho. O espantallo de toda a vida.

Anselmo pon os brazos en cruz, en plan espantallo. Moncho mira a cámara divertido.

MONCHO **Pode que don Anselmo leve razón. Levamos tantos anos inventando solucións contra os bechos que temos esquecido as básicas. Fun de inmediato á do chino Yun pero contra todo prognóstico, resulta que o xigante asiático non fabrica espantallos en serie. Quen contaba. O que si tiñan é outro produto que se vende moito e que pode valer.**

SALÓN.DÍA.

MONCHO, ELVIRA.

Moncho ten unha moneca inchable nas mans.

MONCHO Chámase Sexy Dolly e ten múltiples usos, entre eles, o de espantar os corvos.

ELVIRA Ti cres, Moncho?

MONCHO Por suposto. E para axudar, mira o que lle fixen.

Amosa a cara da moneca. Pintoulle un flequillo e un bigote tipo Hitler.

MONCHO Pinteille un mostacho tipo Hitler para que dea máis medo. Non din que os corvos son moi intelixentes? Pois a ver que saben da Segunda Guerra Mundial.

Moncho marcha coa moneca. Elvira menea a cabeza.

MONCHO **Hitler duroulles un cuarto de hora. Papárono vivo. A de penurias que tería aforrado o mundo se lle tiveran soltados uns corvos a tempo en Berlín!**

COCIÑA.DÍA.

MONCHO, ELVIRA, KEVIN.

Almorzando.

KEVIN Non é que me importe a vosa vida íntima, pero vin unha moneca inchable no contedor do lixo. Esas cousas é mellor enterralas para que a xente non murmure.

ELVIRA Ti es parvo perdido. *(Mira a Moncho)* Claro que tes a quen saír.

MONCHO Era un invento para espantar os corvos, pero non funcionou. Os espantallos xa non dan medo ós paxaros. Que mundo este.

KEVIN Porque non se moven, e os corvos non son parvos. Se houbera un espantallo tipo robot, que se movese así...
(Empeza a moverse tipo robot) Aí xa verías ti se collían medo ou non...

MONCHO Non creo que fabriquen espantallos robot, pero o que si poderíamos facer é disfrazar a alguén de espantallo...

Moncho mira para Kevin. Elvira decátase.

ELVIRA Moncho, deixa ó rapaz en paz, estamos?

MONCHO Pero que mal lle faría, Elvira?

KEVIN Falades de min?

MONCHO Kevin, ti quererías que che regalase un disfrace de robot?

KEVIN Vale.

Elvira suspira.

MONCHO Fixen que arrancaba cara a do chino Yun, pero en realidade subín ó faiado a recoller unhas pezas de roupa vella.

SALÓN.DÍA.

KEVIN, MONCHO.

Kevin está vestido de espantallo. (Roupa vella, sombreiro e palla saíndo por todos lados).

KEVIN Pero que merda de robot es este, papá? Non ten luces, nin botóns!!

MONCHO É un espantallo robot, Kevin. Agora móvete como facías antes.

Kevin móvese.

MONCHO Perfecto. Agora vásteme para a leira e estás alí ata a hora da cea. E en canto vexas un corvo cerca, xa sabes.

KEVIN Bailo en plan robot?

MONCHO Correcto. Veña, campión, a por eles!

Moncho acompaña ata a porta a Kevin, animándoo.

MONCHO Leva aí fóra tres hora e media. Escoitades algo? Eu tampouco. Pararon os corvos! Vou cear diante da tele, a ver se aguanta polo menos ata a metade de Luar.

SALÓN.NOITE.

MONCHO, ELVIRA, KEVIN.

Están os dous diante da tele.

ELVIRA Ai, xa me esquecera o ben que se está en silencio, sen esas bestas berrando seguido.

MONCHO Agora que o dis, parece que algo escoitei... cala, a ver...

Escoitase a Kevin berrando fóra.

MONCHO *(Aliviado)* Ah, é Kevin, non pasa nada.

ELVIRA Voulle dicir que entre e que pique algo.

MONCHO Déixao estar, muller. Mira, dueto Los Panchos co Consorcio!

Entra Kevin todo desfeito. Sangue nas mans e na cara.

KEVIN Aiiiiiiiiiiiiii....

ELVIRA Ai, meu nenño... que che fixeron? Mira como o deixaron, Moncho!

MONCHO Por iso estaban tan calados, claro. Estaban ceando.

ELVIRA Cago ata na nai que os botou, agora verán!!

Elvira sae correndo. Moncho bérralle.

MONCHO Non fagas barbaridades, Elvira, que están protexidos!

KEVIN Nin caso, mamá! Duro con eles! Mataos a todos!!

MONCHO

Matou a cento cincuenta corvos a coiteladas e deixou a catro crucificados nas esquinas da leira. Non volveu a escoitarse un. E Kevin marchou a Santiago a facer o robot. Ponse así quieto na zona vella e polo visto, os turistas danlle cartos. Así e todo, que tan curiosa é a raza do turista.

“RIO REGATO SPORT”

A MONCHO En Lameiro temos un río, un río precioso. O Río Reghato. Unha marabilla da natureza. Algo digno de ver. E non sabedes o que tal se apaña ali.

1. RIO. EXT. DÍA

MONCHO

Moncho cunha cana pescando. Ten xunto a el un tambor de lavadora, rodas de bicicletas, varios obxectos dos que se poden sacar dun río contaminado. Ten unha bota na cana.

2. BAR. DÍA

MONCHO, PUSKAS, LINO

Moncho coa bota, o tambor de lavadora e algunha cousa máis.

LINO Moncho, levas indo media vida pescar ao Río Reghato e nunca colleches unha miserable troita.

MONCHO O Río Reghato é pouco troiteiro, é máis de coller todas estas marabillas, estás xoias.

PUSKAS Non me estraña. Desde o comezo dos tempos, xa desde o tempo das lexións dos rumanos e os homes das tabernas, toda canta cousa sobrava en Lameiro tirouse alí.

LINO E menos mal que nunca pescas nada. Se vive algún peixe nese río, deben estar máis que contaminados, de toda canta merda lle botan.

MONCHO Si, medio Lameiro baleira alí os purins. E Don Anselmo a sosa caustica cando lle caduca.

PUSKAS E quereno prohibir, mira ti no que se meten. Vanos dicir as nós onde podemos e onde non podemos tirar o noso lixo.

LINO Xa ai alimañas abondo no monte, para que os queres no río. Ese río está ben así.

- MONCHO Pero digovos unha cousa, é unha magoa non aproveitar ben o noso Río Reghato.
- LINO Si, na Choupana teñen ben aproveitado os famosos cañons da Choupana e a súa fervenza da Cova. Unha merda.
- B MONCHO** **Mirade vaias merdas teñen eses. (Insertos duns cañons espectaculares e unha tremenda fervenza) Un atraso, se non lles deixan construír nen nada. Para que o queren? Que fai bonito, din. Parvadas!**
- PUSKAS Bah! Unha merda. Non vas comparar co noso Río Reghato. Que vaian tirar alí a súa merda, a ver que pasa.
- LINO E grazas a iso teñen unha empresa de deportes de aventuras: “Choupana sport”.
- MONCHO Pois nós non deberíamos ser menos. Temos que facer o mesmo co noso Río Reghato. Convertilo nun sitio no que se poidan facer deportes de aventuras. Van ver eses da Choupana.
- C MONCHO** **Tiña que comentalo con posibles inversores. Grandes empresarios que ían saber sacar proveito ao asunto. Xente seria, sen perxuízos, xente boa, que mire polas persoas, cunha gran ética do traballo. Ou iso, ou ir falar con Don Anselmo, non tiña outra opción.**

3. NAVE. DÍA

MONCHO, ANSELMO

Anselmo entusiasmado.

- ANSELMO Que gran iniciativa! Hai que ser mellores que eses merdas da Choupana. O único que me importa na vida é estar por riba deses desgraciados, eses mortos de fame.
- MONCHO Ese é o espírito, Don Anselmo. E de canto diñeiro estamos falando?
- ANSELMO De que?
- MONCHO Claro, de canto vai ser a súa inversión.

ANSELMO Ah! Non, non penso poñer nada. Moncho, emprende, emprende pola túa conta. Logo se a cousa vai ben, podo meterme eu.

MONCHO Pero mire que o deporte de aventuras está agora a tope, todo o mundo está con iso.

ANSELMO Pois primeiro comeza ti, a ver como vai. E que deportes son eses de aventuras?

MONCHO Pois a verdade é que non o sei, pero iso é o de menos, digo eu.

4. COCIÑA. DÍA

MONCHO, ELVIRA, KEVIN

Están comendo.

KEVIN Rafting, puenting, piragüisming...

ELVIRA O de piragüisming acabas de inventalo, verdade, Kevin?

KEVIN Pode que si, non o sei, pero como remata en ing, pensei que tamén se dicía así. O ing ven do castelán, un idioma moi rico para esas cousas.

ELVIRA Moncho, e ti que sabes de todo iso?

MONCHO Sei o suficiente, que uns cantos parvos con cartos gastan o seu diñeiro para pasar un pouco de medo e din que así o pasan ben.

KEVIN Para que lles suba a adrenalina, din. A adrenalina está no medio do terceiro ril que temos todos. Os rils axudan a respirar mellor, sabeo todo o mundo.

MONCHO Ve-lo? Isto vai ser un éxito.

ELVIRA Moncho, que o Río Reghato non leva case auga.

MONCHO Elvira, por favor. Non te poñas sempre no peor. Sé un pouco positiva. Que tampouco teñen que pasar petroleiros, verdade Kevin?

- KEVIN Creo que non.
- MONCHO Veña, hai que comezar coa publicidade do Río Reghato Sport.
- D MONCHO E comezaron vir os primeiros clientes. O de deporte de aventura atrae a moito parvo con cartos. Como non tiña moito capital para comezar, o primeiro que fixen foi comprarlle unha piragua defectuosa ao Chino Yung, que para comezar ben vale. O primeiro que fixemos foi rafting, ou descenso en augas bravas.**

5. RÍO. EXT. DÍA

MONCHO, TURISTA

Alguén nunha canoa, a canoa queda grande no río. Tenta palear, non pode. As pás dan na terra. É imposible que se mova, non ten espazo, a “quilla” da no chan.

- MONCHO A ver, home, palea, dálle ás palas. Dálle. Pon un pouco da túa parte. Dálle ao rafting, dálle. Veña, veña!

6. BAR. DÍA

MONCHO, PUSKAS, LINO

Moncho explicandose.

- MONCHO O tipo non tiña nin idea. Se non sabes navegar, non te metas no río.
- LINO Home, Moncho. O Reghato case non leva auga.
- MONCHO E que? Saber navegar nun río caudaloso sabe calquera; o mérito é cun con pouca auga. Se non sabe navegar a que se mete no río?
- PUSKAS Ai falaches. Veñen da cidade e queren todo facilidades. Non queren aventuras? Ti poslles os medios, son eles que non saben. E que vai ser o seguinte?
- MONCHO Vóuvolo diciir: Para que queremos a ponte vella, a da época dos rumanos?

PUSKAS Para nada.

MONCHO Non, para facer puenting.

LINO Non che parece un pouco baixa para o puenting?

MONCHO Para nada. O que algo quere, algo lle custa. Vai ser espectacular ver os tipos tirandose da ponte

E MONCHO E foi espectacular, iso non se pode negar.

7. RIO. EXT. DÍA

MONCHO, TURISTA

Moncho con alguén cun casco na cabeza. Está na ponte pequena que hai no río. Vese que ten pouca altura e pouca auga.

MONCHO Veña, sen medo. Tirate sen medo, que non che pasa nada.

Quen se vai tirar ten medo.

F MONCHO Espectacular de máis. Rachou o cráneo por catro sitios diferentes. Tiña razón o Lino, se cadra non viña mal que a ponte tivese algo de altura e tamén estaría ben que levase algo de auga. Quen contaba con todo iso? A cousa estaba saíndo un pouco mal. Precisaba a axuda de alguén listo, espilido, con visión de negocios, pero só atopei a Kevin. Mala sorte, que lle vou facer!

8. RÍO. EXT. DÍA

MONCHO, KEVIN, TURISTA

Kevin e Moncho con alguén nunha taboa de surf, se puidese ser de windsurf, mellor. Non ten espazo para nada, non se pode mover, cae... Poden ser dous turistas.

MONCHO Veña, aguanta, aguanta.

KEVIN Colle ben a onda, colle ben a onda, prepárate. *(Fai xesto de surfista)* Facer surf é algo máis que subirse a unha táboa. É unha forma de vida, unha filosofía. Se non o entendes, non mereces ser surfeiro.

MONCHO Mira esta onda que ven, que boa é. A ver se a colles. (*Salpica coa man ao turista*)

KEVIN Nada, non valen para o surf.

G MONCHO **Todo estaba sendo un desastre. Os que viñan, nin eran aventureiros nin nada, o que non remataba no hospital, marchaba aos dez minutos.**

9. BAR. DÍA

MONCHO, PUSKAS, LINO

Conversa iniciada.

MONCHO É que xa non hai espírito aventureiro nin nada.

PUSKAS A culpa non é túa. Ti puxeches todos os teus medios para que fixeran deporte de aventura. A culpa é da xente, que son uns frouxos.

LINO E agora o que se busca é tranquilidade, o relaxamento, o descaso e desconectar dos problemas. O da aventura xa esta pasado de moda.

MONCHO Ti cres?

LINO Si, a xente quere paz, calma, sosego, para escapar do estrés da vida diaria.

MONCHO Paz, tranquilidade, escapar do estrés. Que equivocado estiven todo este tempo. O que hai que organizar son actividades tranquilas. E que mellor que a pesca? Un clásico para combater o estrés.

LINO Pero no Río Reghato non hai peixe, non hai nada que pescar.

MONCHO Quen dixo que non?

10. RIO. EXT. DÍA

MONCHO, TURISTAS

Moncho con turistas con cana. Un ten algún obxecto raro na cana. Hai máis obxectos como tambores de lavadoras e demais.

MONCHO Moi ben. Moi boa pesca. Así se fai. Veña os demais a seguir tentando.

Outro pesca calquera obxecto.

MONCHO Parabéns, amigo!

H MONCHO Un gran negocio. Como todo o mundo bota todo canto lle sobra e toda a súa merda ao Río Reghato sempre hai material para pescar. E o mellor de todo, como non hai peixes, non se poden pescar peixes e non hai que pedir permiso de pesca. Todo vantaxes.

02. CELTA-DÉPOR

02.01. CUARTO KEVIN

KEVIN

Ó teléfono

KEVIN Xa, Milucho, sei que lle vou partir o corazón ó meu pai, pero non podo seguir vivindo nesta mentira... Si, pero se me quere ten que aceptarme tal e como son. Está decidido. Vou saír do armario agora mesmo.

02.A MONCHO Teño levado moitos disgustos na miña vida. Pero ningún tan amargo como o que me deu o outro día o ajortoiro do meu fillo.

02.02. SALÓN

MONCHO, ELVIRA, KEVIN

ELVIRA O Negro, o Chiringuito, o Bimbó, a Barbacoa. Cantos temas compuxo este home!

MONCHO Lévo dicindo toda a vida que Georgie Dan mexa por Mozart.

Entra Kevin desde o cuarto.

KEVIN Papá, mamá, téñovos que dicir unha cousa.

MONCHO Agora non, nené, que estamos co poupurri de grandes éxitos de Georgie Dan.

Kevin colle o mando e apaga a tele.

ELVIRA Pero que fas!

KEVIN É que o que vos teño que dicir é moi importante.

MONCHO Pois fala dunha vez misterioso do carallo!

KEVIN Está ben. Aí vai. Mamá, papá... Son siareiro do Real Club Celta de Vigo.

MONCHO Anda Pallaso, vaite encher ó botellón que me tes aburridos cos teus chistes.

- KEVIN Non é un chiste. Falo en serio. Son do Celta (*Sacando do peto unha bufanda da Peña Celtista do Merlego*)
- MONCHO Pero como te atreves!!! Saca agora mesmo esa merda da casa!!!
- KEVIN Se a bufanda vai fóra, eu vou con ela (*e pona ó redor do pescozo*)
- ELVIRA Moncho, que fala en serio.
- MONCHO Ti!!! Sangue do meu sangue!!! Eu mátoate descastado!!! (*Botando a man ó peito como se lle dese un infarto*).
- ELVIRA Ai!!! Que nos morre co disgusto!!! Moncho!!! Moncho!!!
- 02.B MONCHO** **Se non marchei para a pataqueira naquel momento, foi porque escoitei unha voz dentro de min que me dicía, tes que vivir, Moncho, aínda que só sexa para sacar ó teu fillo dese pozo de perdición no que anda metido.**

02.03. CUARTO

MONCHO, ELVIRA

- MONCHO Dímoslle unha educación, un cariño, uns principios... Como se puido malear desa maneira?
- ELVIRA Déixate de dramas, tampouco é para tanto que o neno saíse do Celta.
- MONCHO Como que non é para tanto! Somos unha familia do Dépor de toda a vida!
- ELVIRA Fala por ti. Eu sempre fun, primeiro, do Sorting Lameiro, porque me vai nos genes lameirenses. Segundo, do Borussia de Dortmund, por levarlle a contraria a eses choupañentos do Bayern de Munich. E terceiro, dos Ángeles Galaxy.
- MONCHO Os Ángeles Galaxy? Pero se iso non é un equipo nin é nada! É unha manda de xubilados que nin teñen unha liga legítima na que xogar!
- ELVIRA O que ti digas, pero é onde xogaba David Beckan. E eu son de Beckan a morte... Que tan guapo é ese home, por dios! Lástima que casase coa estúpida das Spice Girls.

02.04. NAVE

MONCHO, ANSELMO

ANSELMO De que tes sorprendes? A mente feminina traballa así. Non entenden de conceptos abstractos como a fidelidade a un equipo ou o sacrificio pola patria. A elas o único que as emociona son os bebés, os peluches e os guaperas.

MONCHO As frivolidades de Elvira impórtanme un carallo. O que me ten amargado é Kevin.

ANSELMO Está na idade da rebeldía. Xa se lle pasará.

MONCHO Non sei... Di que leva as cores branqui-celestes moi metidas no corazón.

ANSELMO Parvadas. O cerebro do adolescente é unha masa informe que non sabe o que quere. Déixame que fale con el. Xa verás como o endereito.

02.C MONCHO A ver se é certo.

02.05. CASA ANSELMO

KEVIN, ANSELMO

Kevin coa bufanda.

ANSELMO Así que celtista, Kevin José...

KEVIN Si. De corazón.

ANSELMO E por qué? Por rebeldía? Por ir contra o teu pai?

KEVIN Non o sei. Pero xa cando neno cada vez que saía o Celta pola tele eu pensaba para min, Kevin José, aí está o teu equipo. Ata agora nunca o dixeran para non disgustar a papá, pero está claro que nacín celtista

ANSELMO Naciches celtista! Falas como os calvinistas da Choupana que cren que nacemos predestinados! Pois vouche dicir unha cousa, amiguiño. Mentira! Pola graza do libre albedrío o home pode elixir o seu destino. Podemos escoller entre o ben e o mal, entre a salvación e a condena. Entendes?

KEVIN Non.

- ANSELMO Tanto ten. O que importa é que tes liberdade para escoller. E podendo escoller, que necesidade tes de ser dun club insignificante da periferia cando poderías ir co equipo máis grande de todos os tempos?
- KEVIN Xa! Outro como o meu pai que cre que o Dépor é o mellor equipo do mundo.
- ANSELMO Que Dépor, idiota! O Dépor é outra miseria como o Celta. Eu falo do máis grande, desa gloria de España que esperta a admiración e a envexa do resto das nacións. Falo do real Madrid.
- 02.D MONCHO Quen contaba? Eu só lle pedín que mo quitase do celtismo, non que mo abdujese ó merenguismo.**
- ANSELMO É outra categoría, Kevin. Os do Madrid non sufrimos nunca polos descensos nin os concursos de acreedores. Somos grande e poderosos.
- KEVIN Igual que o Barça.
- ANSELMO O Barça, o Barça... A ver que vai ser deles se seguen co seu separatismo. Onde van xogar? Na liga de Andorra? Sentido común, Kevin. Faite madridista coma min e Don Santiago.
- KEVIN Que Santiago?
- ANSELMO Como que qué Santiago? Don Santiago Bernabeu!
- KEVIN O Santiago Bernabeu é un estadio de fútbol, non unha persoa.
- ANSELMO Pero a ti que che aprenden na escola! Don Santiago Bernabeu, o máis grande madridista de todos os tempos.
- KEVIN E xa o pai debía ser ben forofó do Madrid para poñerlle ese nome... Menos mal que ó meu non se lle deu por chamarme Kevin Riazor.
- ANSELMO Misericordia!

02.06. BAR

MONCHO, LINO, PUSKAS, RAMONA

- MONCHO Ó final Don Anselmo perdeu a paciencia e o botou da casa a patadas.
- LINO Normal.
- RAMONA Oes, papá Moncho, e non che sería mellor deixar que Kevin viva a súa vida libremente dentro das crenzas celtistas?
- MONCHO Co celtismo tolerancia cero. E coidado co que dis, que estás nun bar deportivista ó cento por cento. A que si, Puskas?
- PUSKAS Deportivista ó cento por cento cando o cliente é do Dépor. Pero cando entran os do Celta o bar vira a celtista. Ata teño un banderín da Ponferradina para cando me ven Macías o maragato. No negocio da hostalaría hai que traballar sempre a favor do cliente.
- MONCHO Judas Iscariote!!! Escoitaches Lino?
- LINO A min non me metas. Este uniforme obrígame a ser neutral. O servizo postal sería un caos se me deixase arrastrar polas rivalidades futbolísticas.
- MONCHO Matarvos era pouco!!!
- RAMONA Non podes ser tan intransixente, papá Moncho.
- MONCHO Cala a boca, transilvana. Gústariame ver como te pos ti se alguén menospreciase ó teu Sporting Vampiritos.
- RAMONA O Sporting Vampiritos non existe. Acabas de inventalo. Ademais, eu non son de ningún equipo de Transilvania, eu son do Corinthians de Sao Paulo, que máis que un club, é un exemplo de civismo democrático.
- PUSKAS Si, señor. O equipo de Sócrates, afamado filósofo e excelente centrocampista.
- 02.E MONCHO Civismo, democracia, filosofía... Pero se estamos falando de fútbol!!!**
- RAMONA Non. Non falamos de fútbol. Falamos de conflitos humanos. Falamos dun pai que non se fala co seu fillo. Falamos dunha guerra fratricida entre dúas aficións irmáns, dun pobo dividido polo odio.

LINO Carallo, que pico de ouro!

RAMONA E digo máis (*Avanzando e mirando á cámara*) O día en que todos os galegos e galegas deixemos aparte as nosas diferenzas localistas e cativeiras e nos unamos para construír xuntos este país, Galicia será unha potencia respectada e temida en todo o planeta!!! Abaixo o minifundismo ideolóxico!!! Unidade galegos!!! Unidade!!!

02.F MONCHO A tipa foise quentando e ó final xa falaba de ir a polas escopetas de caza para invadir Zamora. Así e todo, o que dixó fíxome reflexionar.

02.07. CUARTO KEVIN

MONCHO, KEVIN

Kevin coa bufanda. Entra Moncho

MONCHO Que pasa, campión?

KEVIN Que fas aquí!!! Mamá!!! Mamá!!! Axúdame que papá me entrou no cuarto para zoupame!!!

MONCHO Cala a boca, nené. Veño facer as paces.

KEVIN Non te creo!!!

MONCHO Fillo, despois de moito meditar, cheguei a unha conclusión. Prefiro a un celtarra coma ti, que a un comeniciado como Don Anselmo que vai sempre cos poderosos, ou a eses dous tibios que non se mollan nin que os maten... E iso por non falar da trastornada de Ramona, ou da estúpida da túa nai que vai con quen lle saia da gaña a Beckan.

KEVIN Si... Niso tes razón. Polo menos nós somos fieis ós nosos equipos, aínda que sexan rivais.

MONCHO Rivais, pero irmáns, Kevin. Porque máis alá de que ti sexas do Celta e eu do Dépor hai unha cousa que nos une. E é que ante todo somos galegos e siareiros dos dous grandes equipos do noso país.

KEVIN Certo, dos dous grandes... Non como eses pringados que son do Compos, ou do Racing de Ferrol, ou do Pontevedra, ou do Ourense, ou do Lugo...

MONCHO Mellor non sigas por aí que me estás estragando este momento de exaltación patriótica.

KEVIN Vale. Papá... quérote.

MONCHO E eu a ti, fillo.

02.G MONCHO Vistes? Un pai e un fillo que se queren. Un deportivista e un celtista que se respectan ata tal punto que esta mesma noite van sentar xuntos diante da tele para gozar da gran festa do fútbol galego. O derbi Celta-Dépor.

02.08. SALÓN

MONCHO, ELVIRA, KEVIN

MONCHO Tarxeta, mamalón!!!

KEVIN Onde viches ti que fose tarxeta, turco do carallo!!!

MONCHO Saberás ti, portugués de merda!!!

ELVIRA Xa estades outra vez! Pero vós non fixerades as paces?

KEVIN Cala a boca, gelipollas, non ves que é o derbi!

ELVIRA Oes, a min non me fales así que che...!!!

MONCHO O neno falou ben. E vai por aí a rañala con Beckan, estúpida.

KEVIN Grazas papá... Penalti!!!

MONCHO Penalti de que, Ajortoiro!!!

02.H MONCHO Vistes? Non renunciámos á nosa rivalidade, pero cando veñen os de fóra a tocarnos o carallo, xuntámonos coma unha piña para que non nos asoballen. Ese é o espírito, amigos.